



Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01501	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I	1c	6
P02G050V01502	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I	1c	6
P02G050V01503	Valoración e prescrición do exercicio físico para a saúde	1c	6
P02G050V01504	Xestión e organización dos sistemas deportivos I	1c	6
P02G050V01601	Actividade física e deporte adaptado	2c	6
P02G050V01602	Actividade física e deporte recreativo	2c	6
P02G050V01603	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II	2c	6
P02G050V01604	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II	2c	6
P02G050V01901	Actividades de fitness	1c	6
P02G050V01902	Xerontoloxía e actividade física	1c	6
P02G050V01903	Biomecánica da técnica deportiva	2c	6
P02G050V01904	Deportes náuticos	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I**

Materia	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I			
Código	P02G050V01501			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Rey Cao, Ana Isabel			
Profesorado	González Palomares, Alba Rey Cao, Ana Isabel			
Correo-e	anacao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A didáctica é o ramo das Ciencias da Educación que ten por obxecto a optimización do proceso ensino-aprendizaxe (E-A) en prol do perfeccionamiento do Ser Humano.</p> <p>O obxectivo fundamental desta materia é facilitar ao alumnado os coñecementos básicos para desenvolver con rigor didáctico a programación dun proceso de ensino-aprendizaxe a través das expresións motrices.</p> <p>A Didáctica é un contido transversal indispensable para a práctica profesional dos graduados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Está presente en todo proceso de E-A, con independencia do ámbito onde se desenvolva: rendemento deportivo, ocio, educación ou saúde.</p> <p>Nesta aproximación inicial (no segundo cuadrimestre do mesmo curso impártese Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II) abórdanse os principais elementos do sistema que constitúe unha programación educativa. A materia aporta as ferramentas coas que posteriormente poder adaptarse a calquer proceso de ensino-aprendizaxe en contextos non formais (docencia en actividades extraescolares, escolas deportivas, asociacións, centros socioculturais, academias, etc.) e formais (educación física escolar).</p> <p>A materia céntrase na dimensión máis instructiva dos procesos de E-A, no deseño e orquestación das tarefas de E-A para a optimización da presentación dos contidos en coherencia coas competencias, obxectivos; e os métodos de control da disciplina, espacio e comunicación.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas
A22	Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional
B2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte
B4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte
B11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional
B12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional
B24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional
B25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas. A1

- Programar con coherencia intervencións educativa a través da motricidade.
- Coñecer e desenvolver os métodos didácticos nos procesos de E-A a través da motricidade.
- Seleccionar, secuenciar e formular obxectivos e contidos correctamente.
- Aplicar os métodos didácticos correctamente, adecuándoos ós principios, finalidades, obxectivos, competencias e contidos.
- Deseñar sesións a través da motricidade realizando unha elección e sistematización axeitada dos elementos didácticos.

Cofecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte. B2

- Aprender os conceptos que permiten fundamentar a práctica didáctica de forma sistemática e rigurosa.

Cofecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte. B4

- Comprender a interacción entre os elementos do acto didáctico e a súa repercusión no ensino-aprendizaxe a través da motricidade.

Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo. B25

- Desenvolver conductas de participación e colaboración na función docente.

Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional. B13

- Reflexionar previamente ao deseño de sesións como estratexia para alcanzar a coherencia na intervención.

Cofecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional B11

Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte B12

Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional B24

Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional A22

Contidos

Tema

Bloque temático I. Conceptos xerais.	1. A didáctica. 1.1. Contextualización histórica.
Exposición de aspectos conceptuais básicos para a comprensión da intervención didáctica nos procesos de E-A a través das expresións motrices.	1.2. Definición. 1.3. Obxecto, funcións e clases de didáctica. 1.4. Didáctica e currículo. 2. Os procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte. 2.1. Delimitación e epistemoloxía do concepto. 2.2. Elementos do sistema. Concepción ecolóxica.
Bloque temático II. Principios, finalidades, competencias e obxectivos nos procesos de E-A a través das expresións motrices.	3. A programación didáctica 4. Tipos de obxectivos e o criterio de nivel de concreción. 5. As competencias en educación física.
Exposición dos diferentes tipos de obxectivos didácticos e competencias. Concepto e formulación aplicada aos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	6. Tarefas do profesor/a vencelladas aos obxectivos e competencias. 6.1. Vías de acceso á concreción dos obxectivos. 6.2. A formulación de obxectivos. 6.3. Taxonomías.
Bloque temático III. Contidos nos procesos de E-A na actividade física e do deporte.	7. Os contidos. Tipos de contidos. 7.1. Os contidos na educación a través da motricidade. 7.2. Contidos abstractos ou epistemolóxicos. Taxonomías. 7.3. Contidos psicopedagóxicos. Taxonomías.
Exposición do concepto de contido, taxonomía e elaboración de secuenciacións e formulación de contidos.	8. Tarefas do profesor/a vencelladas aos contidos. 8.1. Selección dos contidos. 8.2. A formulación dos contidos.

Bloque temático IV. Os métodos na didáctica dos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	9. Metodoloxía da intervención didáctica. 9.1. Conceptos e elementos. 9.2. As estratexias didácticas. 9.3. Estilos vs métodos de ensino.
Exposición dos métodos que conforman a metodoloxía e estratexias didácticas nos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	10. Actividades de ensino-aprendizaxe. 10.1. A tarefa motriz. 10.2. Método de presentación da tarefa motriz. 10.3. Formulación de tarefas. 10.4. Análise didáctico das tarefas motrices.
Adecuación dos métodos ós diferentes contextos, obxectivos e contidos.	11. Métodos de práctica. 12. Métodos para a organización da sesión. 13. Métodos para a organización espacial e material. 14. Métodos para a formación e distribución de grupos. 15. Métodos para a comunicación. 15.1. Habilidades de comunicación. 15.2. Feedback. 16. Métodos para a xestión da disciplina.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	36	36	72
Sesión maxistral	22	11	33
Traballos tutelados	1	10	11
Prácticas de laboratorio	14	0	14
Titoría en grupo	3	6	9
Actividades introdutorias	3	0	3
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	3	4
Estudo de casos/análise de situacións	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Traballo individual e grupal de resolución de tarefas. A profesora presenta e exemplifica a tarefa e o alumnado resolve e plantexa dúbidas. En base a un suposto práctico no cal se especifica un contexto, colectivo, e duración dunha actividade, o alumnado realizará un fragmento da programación, especificando os seguintes elementos: - Formulación de obxectivos. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Elaboración dunha matriz abstracta de contidos que desenvolverían para ese caso. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Formulación de contidos psicopedagóxica para o suposto plantexado. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Deseño de tarefas adecuadas ao suposto. Explicitación de tarefas. En base a unha serie de criterios explicitados pola profesora [obxectivos, contidos, colectivo, método, etc.] explicitar con corrección tarefas didácticas. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Elaboración dunha progresión de tarefas para a aprendizaxe dunha habilidade motriz. En base a unha serie de criterios explicitados pola profesora [obxectivos, contidos, características alumnos/as, método, etc.] explicitar con corrección as tarefas didácticas axeitadas para a aprendizaxe da habilidade especificada. Utilizaranse como criterios para realiza-la progresión os canais perceptivo, decisional ou execucional. A corrección realizarase na aula ou titoría.
Sesión maxistral	Clases Maxistrais nas que se explican os fundamentos teóricos. O alumnado asimila e toma apuntes. Plantexa dúbidas e cuestións complementarias.

Traballos tutelados	- Deseño e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Aplicación de microensinanza. Cada grupo de tres persoas (ou dúas, se así o indica a profesora) desenvolverá unha sesión según as características básicas determinadas na opción que lle sexa asignada. En cada unha delas abórdase especificamente un método didáctico. Tomando como base ese elemento didáctico o grupo deberá deseña-lo resto de elementos didácticos para constituí-la súa sesión. Esta sesión deberá ser impartida aos seus compañeiros e compañeiras nas aulas prácticas. É obrigación do alumnado manterse informado das posibles modificacións no calendario de prácticas. É obrigatorio realizar un mínimo de dúas titorías antes da realización da sesión. Unha delas será en hora de clase.
Prácticas de laboratorio	Nas aulas de laboratorio se experimentarán as tarefas motrices propostas e a realización dunha intervención docente. Participación nunha microensinanza. Os métodos desenvolvidos serán mando directo, asignación de tarefas, microensinanza, ensino recíproco-pequenos grupos, ensino modular, resolución de problemas, descubrimento guiado e grupais participativas (para as reflexións-análise do final da sesión).
Titoría en grupo	O alumnado presenta o desenvolvemento do seu traballo tutelado nun mínimo de tres titorías grupais.
Actividades introdutorias-	Explicación do funcionamento da asignatura: Fatic, titorías, avaliación, etc. - Avaliación informal de coñecementos previos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Supervisión e discusión en titorías grupais e individuais sobre o traballo a desenvolver polo alumnado. Corrección personalizada dos exercicios. Revisión didáctica das probas de avaliación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Microensino: Programación e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Os criterios son: - Entregar o borrador da sesión e a memoria final no prazo establecido. - Desenvolver o traballo cumprindo os requisitos formais e de contido esixidos. - Levar á práctica a sesión deseñada. - Asistir a dúas titorías para a revisión previa da sesión, e a clase onde se explica o método correspondente a esa sesión. - Deseñar e explicitar tarefas cumprindo os criterios solicitados (aplicación de métodos específicos). - Obrigatorio para todo o alumnado.	30
Prácticas de laboratorio	Control da participación nas clase de laboratorio. -Asistir e participar activa e criticamente no microensino cun mínimo do 80% das prácticas das horas dos grupos B. -A asistencia a máis de un 80% da docencia de aula de créditos B e C eximirá da realización do exame práctico final. -Este criterio non é de obrigado cumprimento para superar a materia, posto que o alumnado que supere o 20% de faltas poderá acceder a avaliación final mediante una proba dos créditos de laboratorio. - Calificación de apto/a ou non apto /a	10
Titoría en grupo	Asistencia en grupo as titorías para a supervisión e discusión do traballo tutelado. - O alumnado debe asistir as titorías coas tarefas de control realizadas que se explicitan no guión do traballo. - Só se cualificará ao alumnado que asista.	20
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Desenvolvemento dunha intervención didáctica en grupo. O alumnado asumirá a docencia dun mínimo dunha actividade de ensino-aprendizaxe. Os criterios son: - Organizar a fase pre-activa. - Xestionar axeitadamente os recursos materiais e espaciais durante o desenvolvemento da sesión. - Implementar estratexias de disciplina e participación pasiva. - Desenvolver a fase reflexiva con criterios didácticos. - Adoptar unha actitude docente positiva.	10
Estudo de casos/análise de situacións	Defensa oral do traballo escrito. O alumnado respostará as cuestións realizadas pola profesora sobre á programación da sesión desenvolvida no traballo tutelado. En casos específicos, mediante negociación previa coa profesora, esta ferramenta de avaliación poderá ser substituída por un exame escrito de desenvolvemento.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a asignatura é imprescindible:

- acadar unha calificación mínima de 5 puntos.
- obter unha calificación mínima de 1,5 puntos na metodoloxía de traballo tutelado.
- realizar a proba práctica, de execución de tarefas reais.
- obter unha cualificación mínima de 1,5 puntos no estudo de casos/análise de situacións.

Nas convocatorias correspondentes a un mesmo curso académico, se conservan as cualificacións obtidas polo alumnado. Será necesario repetir as metodoloxías necesarias para conseguir os tres criterios anteriormente mencionados.

Os traballos para ser avaliados deben ser entregados estrictamente nas datas determinadas pola profesora, que serán comunicadas xunto coa proposta dos mesmos.

A entrega dos traballos será en formato papel, a excepción daqueles casos nos que se especifique o contrario. Cando o traballo non se entregue persoalmente á profesora, debe adxuntarse unha copia por correo electrónico simultaneamente a súa entrega no caixa de correos da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Blández Ángel, J. (2000). *Programación de unidades didácticas según Ambientes de aprendizaje*. Barcelona: Inde

Palao Andrés, J. M. & Ortega Toro, E.(2009). *Formas de organización en educación física*. Murcia: Diego Marín.

la Educación Física. Un enfoque constructivista. Barcelona: Inde.

Famose, J.P. (1992). *Aprendizaje motor y dificultad de la tarea*. Barcelona: Paidotribo.

Fraile Aranda, A. (coord.) (2004). *Didáctica de la educación física: una perspectiva crítica y transversal*. Madrid: Biblioteca Nueva.

la Educación Física I. Una perspectiva constructivista moderada. *Funciones de impartición*. Barcelona: Paidós.

la Educación Física II. Una perspectiva constructivista moderada. *Funciones de programación*. Barcelona: Paidós.

Hernández, J.L. & Velázquez, R. (coords.) (2007). *La Educación física, los estilos de vida y los adolescentes: cómo son, cómo se ven, qué saben y qué opinan*. Barcelona: Graó.

López Pastor, V. M., Monjas Aguado, R. & Pérez Brunicardi, D. (2003). *Buscando alternativas a la forma de entender y practicar la educación física escolar*. Barcelona: Inde.

Senners, P. (2001): *La lección de educación física*. Barcelona: Inde.

Tandem. Didáctica de la Educación Física. Revista dispoñible na biblioteca UVigo

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II/P02G050V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102

Educación: Pedagogía da educación física e o deporte/P02G050V01103

Fundamentos da motricidade/P02G050V01204

Xogo motor/P02G050V01105

Socioloxía: Socioloxía e historia da actividade física e o deporte/P02G050V01203

Educación: Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física/P02G050V01301

Expresión corporal e danza/P02G050V01402

Outros comentarios

Recoméndase:

A asistencia de forma continua ás clases.

A realización das actividades de avaliación continua.

Prestar atención á temporalización das actividades e traballos do curso.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I**

Materia	Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I			
Código	P02G050V01502			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	García García, Óscar			
Profesorado	García García, Óscar			
Correo-e	oscargarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A7	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar o proceso de adestramento nos seus distintos niveis
A8	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo
A9	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica actividade físico-deportiva na poboación que realiza adestramento deportivo
A10	Capacidade para identificar os riscos, que se derivan para a saúde dos deportistas, da práctica de actividades físicas inadecuadas no contexto do adestramento deportivo
A11	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de adestramento deportivo
A12	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo, adecuado para cada tipo de actividade de adestramento deportivo
B5	Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre a estrutura e función do corpo humano
B10	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do deporte
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional
B14	Utilización da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións
B24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional
B26	Adaptación a novas situacións, á resolución de problemas e á aprendizaxe autónoma

Competencias de materia

Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade para planificar, desenvolver e controlar o proceso de adestramento nos seus distintos niveis	A7	B5 B10 B13 B14 B26
Capacidade para aplicar os principios *fisiolóxicos, *biomecánicos, *comportamentais e sociais, durante o proceso do adestramento deportivo	A8	B5
Capacidade para *promover e *evaluar a formación de hábitos *perdurables e autónomos de práctica actividade físico-deportiva na poboación que realiza adestramento deportivo	A9	B5 B26
Capacidade para identificar os riscos, que se derivan para a saúde dos deportistas, da práctica de actividades físicas *inadecuadas no contexto do adestramento deportivo	A10	B5
Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e *equipamiento deportivo, adecuado para cada tipo de actividade de adestramento deportivo	A12	B13 B14
Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de adestramento deportivo	A11	B5 B10 B13 B14
Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional		B24

Contidos

Tema

A adaptación no deporte	Concepto de adestramento deportivo Concepto de adaptación nel *deporte El proceso de adaptación deportiva Mecanismo xeral de adaptación *Síndrome xeneral de adaptación Dinámica del proceso de adestramento deportivo: estímulo, fatiga, recuperación, *supercompensación, adaptación Fases sensibles na adaptación
A carga de adestramento	Concepto de carga de adestramento Tipoloxía de cargas de adestramento Aspectos que determinan a carga de adestramento: contido, magnitude, organización de cárgaa Adestramento concorrente e interferencias no adestramento
A forma deportiva	Concepto de forma factores que determinan o rendemento deportivo características da forma deportiva Tipos de forma deportiva Fases do estado de forma *Síntomas do estado de forma Avaliación da forma deportiva
Os principios do adestramento	Concepto e clasificación Principios biolóxicos principios pedagóxicos principios de planificación e organización
Fundamentos, estrutura e métodos do adestramento da Forza	Concepto factores que determinan a produción de forza procesos de adaptación no adestramento da forza: estruturais, *neuromusculares mecánicas Manifestacións da forza: activa e reactiva. Métodos de adestramento das manifestacións de forza Fases sensibles para o desenvolvemento da forza
Fundamentos, estrutura e métodos do adestramento da velocidade	Conceptos factores dos que depende a velocidade manifestacións da velocidade: reacción, *aceleración e *deceleración, velocidade dun movemento illado, velocidade dun movemento continuo cíclico, velocidade dun movemento *contínuo *acíclico. A resistencia á velocidade A resistencia á máxima velocidade Métodos de adestramento das manifestacións da velocidade Desenvolvo do potencial de velocidade A barreira de velocidade a axilidade
Fundamentos, estrutura e métodos do adestramento da resistencia	Concepto Factores que determinan a resistencia Procesos de adaptación ao adestramento de resistencia aeróbica Procesos de adaptación ao adestramento de resistencia *anaeróbica Manifestacións da resistencia Métodos do adestramento da resistencia
Fundamentos, estrutura e métodos do adestramento da flexibilidade	Concepto factores que determinan a mobilidade articular Tipoloxía de mobilidade articular Beneficios do adestramento da flexibilidade respecto doutras capacidades condicionais Métodos do adestramento da flexibilidade
Detección e selección de talentos deportivos	Concepto Especificidade do proceso de adaptación do neno ao adestramento deportivo Indicadores para a detección e selección do talento deportivo Métodos e modelos de detección e selección do talento deportivo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	8.8	12.8
Estudo de casos/análises de situacións	4	8.7	12.7
Prácticas de laboratorio	22.5	45	67.5

Sesión maxistral	22	33	55
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0.5	0	0.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formularanse problemas ou exercicios relacionados co adestramento deportivo. O alumno debe desenvolver a solución máis adecuada e xustificala
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de casos relacionados co adestramento deportivo para coñecerlos, interpretarlos, reflexionar sobre eles e propoñer solucións alternativa.
Prácticas de laboratorio	*Adquisición de habilidades básicas e de procedementos relacionados co adestramento deportivo. desenvólvense en espazos con *equipamento especializado (pista de *atletismo. *pabellón deportivo, recta de velocidade, sala de *fitness)
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e coñecemento científico *actualizado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	No horario destinado a *tutorías se *atenderá ás particularidades que cada alumno presente con respecto á * asignatura
Prácticas de laboratorio	No horario destinado a *tutorías se *atenderá ás particularidades que cada alumno presente con respecto á * asignatura

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	*Será necesario asistir polo menos ao 80% das prácticas para poder superar a materia. A asistencia implica a execución activa da mesma.	0
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	*Consistirá no desenvolvemento de 5 preguntas *referentes aos contidos teóricos e prácticos desenvolvidos na * asignatura. *será necesario aprobalo para poder superar a * asignatura	80
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	A proba *consistirá na resolución e *execución práctica dun *suspeito de adestramento vinculado aos contidos realizados nas prácticas da * asignatura. *será necesario aprobalo para poder superar a * asignatura	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación en sucesivas convocatorias realizarase de igual forma que a exposta inicialmente

Bibliografía. Fontes de información

- Nacleiro, F. (2011). Entrenamiento deportivo. Fundamentos y aplicaciones. Barcelona: Editorial médica-panamericana.
- Jiménez Gutiérrez, A. (coord) (2008). Nuevas dimensiones en el entrenamiento de la fuerza: aplicación de nuevos métodos, recursos y tecnologías. Barcelona: INDE.
- Matveev, L. P. (2001). Teoría general del entrenamiento deportivo. Barcelona: Paidotribo.
- Verkhoshansky, Y. (2002) Teoría y metodología del entrenamiento deportivo. Barcelona: Paidotribo.
- Weineck, J. (2005). Entrenamiento total. Barcelona: Paidotribo

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II/P02G050V01604
Especialización en deportes colectivos/P02G050V01906
Especialización en deportes individuais/P02G050V01907

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía: Anatomía humana para o movemento/P02G050V01101

Anatomía: Anatomía e kinesiología humana/P02G050V01201

Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio I/P02G050V01104

Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio II/P02G050V01401

DATOS IDENTIFICATIVOS**Valoración e prescripción do exercicio físico para a saúde**

Materia	Valoración e prescripción do exercicio físico para a saúde			
Código	P02G050V01503			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Silva Alonso, Telmo			
Profesorado	Silva Alonso, Telmo Viaño Santasmarinas, Jorge Juan			
Correo-e	telmosilva@edu.xunta.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código			
A1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas		
A2	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar		
A5	Capacidade para planificar, desenvolver e avaliar a realización de programas de deporte e actividade física escolar		
A6	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e do deporte		
A7	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar o proceso de adestramento nos seus distintos niveis		
A10	Capacidade para identificar os riscos, que se derivan para a saúde dos deportistas, da práctica de actividades físicas inadecuadas no contexto do adestramento deportivo		
A17	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físico-deportivas orientada á saúde		
B1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte		
B8	Coñecemento e comprensión da estrutura, función e desenvolvemento das diferentes manifestacións da motricidade humana		
B10	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do deporte		
B12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte		
B22	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas		
B24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
(*)Insistir en la importancia de promocionar la salud desde los ámbitos sociales y comunitarios mediante el fomento de hábitos de vida tales como la promoción de la Actividad Física y el Ejercicio.	A1	B1
	A2	B8
	A5	B10
□ Identificar la Actividad Física como un factor de protección cardiovascular independiente de los efectos de otros factores de riesgo.	A6	B12
	A7	B22
	A10	B24
	A17	

Contidos

Tema	
------	--

I. Conceptos, fundamentos e criterios xerais para a prescrición de actividade física.	I. Conceptos, fundamentos e criterios xerais para a prescrición de actividade física.
II. Métodos para o desenvolvemento da condición física nun adestramento para a saúde.	II. Métodos para o desenvolvemento da condición física nun adestramento para a saúde.
III. Avaliación da condición física e do estilo de vida.	III. Avaliación da condición física e do estilo de vida.
IV. Prescrición de actividade física e planificación do adestramento para a saúde.	IV. Prescrición de actividade física e planificación do adestramento para a saúde.
V. Actividade física para a prevención e o tratamento de enfermidades crónicas.	V. Actividade física para a prevención e o tratamento de enfermidades crónicas.
VI. Prevención e readaptación de lesións derivadas da práctica deportiva.	VI. Prevención e readaptación de lesións derivadas da práctica deportiva.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Metodoloxías integradas	2	40	42
Prácticas de laboratorio	30	37.5	67.5
Informes/memorias de prácticas	2	22	24
Outras	20	0	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Metodoloxías integradas	. Ensinanza baseada en proxectos de aprendizaxe. . Aprendizaxe baseada en problemas (ABP). . Metodoloxías baseadas en investigación. . Aprendizaxe colaboradora.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).

Atención personalizada

Probas	Descrición
Informes/memorias de prácticas	A aplicación dos procedementos pertinentes para a obtención desta información realizarase o longo de todo o período de impartición da asignatura no que concerne os supostos prácticos realizados en talleres, comentarios de textos, respecto á elaboración dos traballos monográficos e ensaios que implica o desenvolvemento dos contidos de tipo complementario e asociado á temporalización axustarase o previsto para o desenvolvemento de ditos contidos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Metodoloxías integradas	Realizarase unha proba teórico-práctica: test, resposta curta e/ou resolución de supostos prácticos.	70
Prácticas de laboratorio	Traballo e implicación do alumnado durante a realización das clases prácticas.	10
Informes/memorias de prácticas	Consistirá na elaboración dun informe cos datos das situacións prácticas conforme aos obxectivos en cada sesión.	10
Outras	Asistencia a clase	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

En "Informe/Memoria de Prácticas" non se terá en conta a efectos de avaliación a entrega de prácticas aos que o alumno/a non asistise.

En "Metodoloxías integradas" será requisito indispensable para superar a materia obter unha cualificación polo menos de 4 puntos sobre 10.

En "outras" será requisito indispensable alcanzar polo menos un 80% de asistencia a clase, á marxe de que as faltas sexan

ou non xustificadas.

En 2ª convocatoria ou edición os criterios de avaliación serán os mesmos que na primeira coa excepción de alcanzar o 80% de asistencia a clase.

Bibliografía. Fontes de información

- ACSM. Programa de condicionamento físico da ACSM. Editora Manole, Brasil, 1999.
- ACSM (2005). *Manual ACSM para la valoración y prescripción del ejercicio*. Barcelona: Paidotribo.
- Baechle, T & Earle, R.(2000). *Essentials of strength training and conditioning*. Champaing: Human Kinetics.
- Busso, T., Denis, C., Bonnefoy, R., Geysant, A. & Lacour, J.R. (1997). Modeling of adaptations to physical training by using a recursive least squares algorithm. *Journal Applied Physiology*, 82, 1685-1693.
- Diccionario Paidotribo de la actividad física y el deporte. Editorial Paidotribo, España, 1999.
- George, Fisher, Vehrs (2001). *Test y Pruebas Físicas*. Barcelona: Paidotribo.
- Grosser, M., Bruggemann, P., Zintl, F. Alto rendimiento deportivo planificación y desarrollo. Editorial Martínez Roca, España, 1989.
- Heyward, V. (2000). *Evaluación y Prescripción del Ejercicio*. Barcelona: Paidotribo
- Júnior, A.A. *Bases para ejercicios de alongamento*. São Paulo. Phorte editora, 1999.
- Manso, J.M.G., Valdivielso, M.N., Caballero, J.A.R. Bases teóricas del entrenamiento deportivo principios y aplicaciones. Editorial Gymnos, España, 1996.
- Monteiro, A. *Ginástica aeróbica*, Editora Cid, Brasil, 1996.
- Novaes, J.S; Vianna, J.M. *Personal training & condicionamento físico*. Editora Shape, Rio de janeiro, 1998.
- Pollock, M.L., Wilmore, J.H. *Exercício na saúde e na doença*. Editora Medsi, Brasil,1993.
- Sharkey, B.J. (2002). *Fitness and Health*. Champaing: Human Kinetics
- Varios (1989). *Metrología deportiva*. Moscú: Editorial Planeta.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Anatomía: Anatomía humana para o movemento/P02G050V01101
Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102
Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio I/P02G050V01104
Psicoloxía: Psicoloxía da actividade física e o deporte/P02G050V01202
Fisioloxía: Fisioloxía do exercicio II/P02G050V01401
Actividades de fitness/P02G050V01901
Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I/P02G050V01502
Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II/P02G050V01604
Actividades físicas de lecer/P02G050V01905

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Anatomía: Anatomía humana para o movemento/P02G050V01101
Biomecánica da técnica deportiva/P02G050V01903
Exercicio físico para persoas maiores/P02G050V01908

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xestión e organización dos sistemas deportivos I**

Materia	Xestión e organización dos sistemas deportivos I			
Código	P02G050V01504			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Profesorado	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Correo-e	ivanmartinez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A19	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas
A20	Capacidade para administrar os servizos deportivos públicos e privados
A22	Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional
B2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte
B4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte
B11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional
B12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional
B14	Utilización da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións
B25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo
B26	Adaptación a novas situacións, á resolución de problemas e á aprendizaxe autónoma

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Utilización da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións	B14
2. Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	B4
3. Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.	B2
4. Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte	B12
5. Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo	B25
6. Adaptación a novas situacións, á resolución de problemas e á aprendizaxe autónoma	B26
7. Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional	B13
8. Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional	B11
9. Capacidade para planificar, desenvolver e controlar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas	A19
10. Capacidade para administrar os servizos deportivos públicos e privados	A20
11. Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional	A22

Contidos

Tema

1. El sistema deportivo	Concepto Elementos Estructura
2. El servicio deportivo	Oferta Demanda Competencia Viabilidad Calidad Buenas Prácticas
3. Las formas de gestión deportiva	Público/Privada Directa/Indirecta y Mixta
4. Gestión y organización en el deporte	Organización Administrativa Estructura Asociativa Deporte Profesional
5. Ordenamiento jurídico del deporte	Europeo Nacional Autonómico Estatutos y Reglamentos Federativos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	45	75
Traballos tutelados	15	30	45
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	7.5	21.5	29
Probas de tipo test	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Enténdese por atención personalizada o tempo reservado por cada docente para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Nestas actividades o/a docente ten como función orientar e guiar o proceso de aprendizaxe do alumnado. Se levarán a cabo no despacho nº 225 e dentro do horario de titoría estipulado.
